

INTRODUCCIÓN

A repercusión dos eventos, en cifras

O Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da Universidade de Santiago de Compostela (CETUR) elaborou un completo informe no que se analiza a repercusión socioeconómica dos principais espectáculos que se desenvolveron no Multiusos Fontes do Sar ó longo do 2007. O estudo analiza, entoutros asuntos, a procedencia do público asistente ós eventos, a motivación que os leva a vir a Santiago, as actividades que realizan na cidade, o gasto que fan cando veñen a espectáculos destas características... Á luz destes datos podemos comprender a estreita conexión entre oferta de lecer e turismo en Santiago de Compostela.

Carmina Burana, Aida, Van Morrison, Fito e Calamaro, Alejandro Sanz

O CETUR comezou a súa análise cunha proba piloto con motivo da ópera monumental Carmina Burana, que se celebrou no mes de decembro de 2006 no Multiusos Fontes do Sar, e continuou desenvolvendo o informe con catro dos máis salientables eventos que se celebraron no recinto compostelán no 2007: o espectáculo operístico Aida, a obra mestra do compositor Giuseppe Verdi sobre o amor, a paixón e a morte, que estivo no Multiusos o 12 de maio; o concerto do emblemático artista irlandés Van Morrison, o 19 do mesmo mes; a actuación dos supervendas Andrés Calamaro e Fito & Fitipaldis, que subiron ó escenario do Sar o 21 de xullo; e o concerto dun dos españois máis internacionais, Alejandro Sanz, no seu inicio de xira española (no que estivo acompañado pola colombiana Shakira) o 4 de agosto de 2007.

Ó PERA MONUMENTAL AÍDA 12 de maio de 2007

Segundo os datos derivados do estudo do CETUR, a Ópera Monumental Aída congregou no Multiusos Fontes do Sar a **4.208 persoas**. A idade dos asistentes foi variada, pero destacou a franxa dos 26 ós 55 anos (o 21,8% das persoas estaban entre 26 e 35 anos, o 27,6% englobábase na franxa dos 36 ós 45 anos, e o 22,5% de 46 a 55 anos). En termos globais, a idade media dos asistentes é de 41 anos, a maior de todos cantos eventos se analizaron ao longo deste ano 2007. En canto á situación actual dos que foron ó espectáculo, máis da metade declaráronse traballadores (61%), e un importante volume de xente indicou a súa condición de estudante (13,3%) ou ama de casa (11,3%); os xubilados tamén asistiron á ópera, aínda que en menor medida (8,2%) e os parados foron poucos (5,1%). **O 36,9% dos enquisados asistiu en parella**, e unha porcentaxe similar, o 29,7%, fíxoo coa súa familia; amais, dos datos extráese que o 17% foi cos amigos, o 11,8% sós e o 4,3% con compañeiros de traballo.

Os datos de procedencia derivados da análise desvelan que o 64,4% dos asistentes son de Santiago de Compostela, case un terzo provén de diversos puntos de Galicia (27,4%), dos cales a maior parte procede das principais cidades do país (A Coruña, Vigo,...) e **unha porcentaxe importante indica que vén de fóra da nosa comunidade (un 7,3% do resto de España, e un 0,9% do estranxeiro)**.

No tocante ós datos de caracterización, atopamos datos moi salientables que desvelan a repercusión que tivo o evento na dinamización da cidade nestas datas. A inmensa maioría achegouse ó recinto en vehículo propio (76,2%), pero houbo xente que utilizou o autobús de liña regular (10,9%), o tren (4,1%) e, **case un 9% do público, o avión**. En canto á caracterización da viaxe, destaca sobre todo a cantidade de xente que estaba de **visita en Compostela e que aproveitou a ocasión para asistir á ópera (31,3%)**. Amais, sabemos que moitos dos que viñeron ó Multiusos pasaron boa parte do día en Santiago (a media de horas é 8,3) e que neste tempo **máis da metade foi comer a un restaurante (50,6%)**, case o 70% quedou a cear, moitos aproveitaron para gastar os cartos en lecer (24,7%), e o máis salientable: **máis do 50% dos asistentes de fóra de Santiago pernoctou na cidade** (máis en concreto un 52,9%, dos cales a maioría estivo unha soa noite -43,1%- e estivo aloxada con familiares ou amigos -45,2%- ou en hotel -38,4%-).

Aquelas persoas enquisadas que non residían en Santiago, foron preguntadas polo gasto que realizaran na súa estadía na cidade. **As que pernoctaron gastaron de media case 90 euros, sendo o gasto en aloxamento e en ocio e lecer os principais conceptos incluídos**, e os que non quedaron durmir fixeron un gasto de case 25 euros. Deste xeito, o gasto medio global do público asistente non residente en Compostela foi de 56,5 euros

VAN MORRISON 19 de maio de 2007

O 19 de maio un total de 4.198 persoas asistiron no Multiusos do Sar ó concerto do irlandés Van Morrison. Algo máis da metade eran homes (54,6%) e a inmensa maioría tiñan entre 26 e 45 anos (70,9%), cunha idade media global do asistente de 36 anos; máis do 80% dos asistentes eran traballadores e moitos aproveitaron a ocasión para asistir cos amigos (44,8%) ou coa parella (30,8%). Dado que era a única cita do músico na nosa comunidade, **case o 60% do público desprazouse ata Compostela dende diversos puntos do territorio galego** (sendo unha vez máis as cidades de Galicia os principais puntos de orixe do asistente galego), e un importante **5% veu dende outros lugares de España e un 1% dende o estranxeiro**.

Ó igual que noutros casos, a gran maioría da xente achegouse ó Multiusos do Sar no seu propio vehículo (89,6%) e, principalmente, **veu a Santiago para gozar do concerto (86,7%)**. A media de horas que pasaron na cidade todos os enquisados foi de catro, e durante este período a maioría aproveitou para cear (66,7% dos enquisados), moitos aproveitaron a oferta de lecer (32,8%), e outros tamén gastaron en comer (25,3%). A maioría dos asistentes de fóra de Santiago non pernoctou na cidade ese mesmo día, pero os que o fixeron (27,3%) optaron na súa meirande parte polo hotel (41,1%) ou pola familia e amigos (37%).

Respecto de todos os espectáculos analizados, neste é no que máis **sobresae o gasto medio realizado na súa estadia en Santiago, que roza os 60 euros**, Os que pasaron a noite en Compostela dispararon o seu gasto ata os 99 euros, a cifra máis elevada das rexistradas este ano, e os que non quedaron durmir achegáronse ós 30 euros.

2 SON MULTITUD: FITO E CALAMARO

21 de xullo de 2007

Dos catro eventos máis salientables acollidos no Multiusos ó longo do 2007, o de Fito & Fitipaldis e Andrés Calamaro foi o que máis público congregou: **9.500 persoas**. A idade media dos asistentes foi de **27 anos, sendo por tanto un público máis novo**. Nesta ocasión, aínda que tamén foron maioría os traballadores (60,2%), houbo unha alta porcentaxe, **case o 32%, que se clasificou como estudante**. Aproximadamente o mesmo número de persoas (49% en ambos os casos) era de Santiago ou procedía de outros lugares de Galicia, fundamentalmente dos concellos limítrofes con Compostela, coma Ames, Padrón ou Teo. Neste concerto, con máis xente nova que nos anteriores, a metade dos enquisados asegurou acudir con amigos (52,4%), e un cuarto dos asistentes foron en parella.

No tocante ós datos de caracterización das persoas que non residen en Compostela, deste estudo despréndese que a maioría se desprazou en vehículo propio (86,9%) e que veu a Santiago para asistir ó evento fundamentalmente (92,7%). En xeral, o gasto medio realizado polos non residentes na cidade de Santiago foi de 43,6 euros. En canto ás actividades realizadas na cidade, cabe salientar que **máis da metade dos enquisados gastou en lecer (62,7%) e en cear (53,7%)**, e unha boa parte dos non residentes quedou a durmir na cidade (21,3%).

Aquelas persoas que pernoctaron na cidade fixérono na súa maioría, nun 77%, unha soa noite, pero resulta destacable que **case o 13% quedou a durmir en Santiago máis de tres noites**. A maioría destas persoas quedaron na casa de familiares ou amigos (44,2%), pero unha boa parte estivo **nun hotel (27,9%) ou nun hostel ou pensión (23,3%)**. A media de gasto destas persoas que pernoctaron en Santiago foi de case 82 euros, sendo o aloxamento, as compras e o ocio e lecer os principais conceptos de gasto.

ALEJANDRO SANZ
4 de agosto de 2007

O cantante Alejandro Sanz atraeu ata o Multiusos Fontes do Sar a **9.220 persoas, na súa maioría de sexo feminino (63,2%)**. Como era de esperar, a franxa de idades que máis destaca é a que comprende ós **menores de 26 anos, no que se encadran máis do 40% dos enquisados**, seguida de preto polos de 26 a 35 anos (35,5%). Ó igual que nos anteriores casos, aínda que en moita menor medida –por mor da menor idade dos asistentes- sobresaen as persoas que **traballan (52,9%), pero tamén hai un volume importante (case o 32%) que se declara estudante**, e destaca un salientable porcentaxe de parados (8,4%). O que si resulta sorprendente neste caso é a **elevada porcentaxe de persoas que vén de fóra de Santiago, que ronda o 56%**, e que fundamentalmente procede de Vigo, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Boiro e A Estrada, todos eles concellos localizados ao sur da cidade de Santiago (hai que ter en conta que o cantante dou outro concerto na cidade de A Coruña ese mesmo mes).

Os enquisados que non residen en Santiago veñen fundamentalmente en vehículo propio (94,5%) e para case todos (97,2%) o motivo principal da viaxe é asistir ó concerto. **Máis do 90% gastou cartos en cear na cidade, e case o 60% tamén invertiu en lecer**. A gran maioría dos asistentes de fóra de Santiago optaron por non durmir na cidade (83,8%).

Aquelas persoas enquisadas o 4 de agosto que aseguraron quedar a durmir en Santiago, fixérono na súa maioría unha soa noite (87,2%) e con familiares ou amigos (40%), aínda que tamén destacan os que pernoctaron en hostel ou pensión (24,4%) e os que foron a un hotel (case o 18%).

O gasto medio global que realizaron aqueles que non residen en Compostela foi de 44,3 euros. **Os que quedaron durmir en Compostela gastaron de media 88 euros**, e os que non pernoctaron aquí fixeron un gasto medio de 35,6 euros.

ESTIMACIÓN DO IMPACTO ECONÓMICO DOS EVENTOS

A estimación do impacto económico directo analizado polo CETUR parte do gasto que os asistentes ós eventos realizaron no seu paso por Santiago de Compostela.

Ópera Monumental Aída

Un total de 4.208 persoas asistiron a esta ópera monumental, das cales o 35,6% eran visitantes da cidade, isto é, non residentes. Fan un total de 1.498 persoas. A partir da cifra de gasto medio por persoa estimado calcúlase o gasto total tanto daqueles que quedan a durmir na cidade, que é superior ós 120.000 euros, como daqueles que non pernoctaron en Compostela, que roza os 17.500 euros. En consecuencia, o **gasto total** realizado na cidade con ocasión da celebración da Ópera Monumental Aída foi de **138.341,8 euros**. Se a isto lle sumamos o que gastaron na entrada do evento ($4.208 \text{ persoas} \times 50 \text{ euros entrada}^1 = 210.400 \text{ euros}$), o gasto realizado por todos os asistentes suma un total de **349.891,8 euros**.

Van Morrison

O artista irlandés Van Morrison congregou en Santiago a 4.198 persoas, das cales o **65% eran visitantes da cidade, isto é, un total de 2.729 persoas**. Aqueles que desexaron pernoctar na capital galega fixeron un gasto total de máis de 100.000 euros, e os que non quedaron durmir gastaron en total 58.417 euros. Deste xeito, o **gasto total** das persoas que asistiron á actuación de Van Morrison ascende a **161.769,4 euros**. Isto, mais o gasto realizado na compra das entradas para o concerto ($4.198 \text{ persoas} \times 30,5 \text{ euros entrada}^2 = 128.039 \text{ euros}$), suma un total de **289.808,4 euros**.

Fito e Andrés Calamaro

A xira "2 son multitud" reuniu no recinto compostelán a **9.500 persoas**, das cales algo máis do 50% eran visitantes. **Preto, por tanto, de 5.000 persoas** (1.030 turistas e 3.806 excursionistas) **viñeron visitar a cidade** do Apóstolo e achegáronse ó Multiusos Fontes do Sar a ver ós dous grupos en escena. Os visitantes que pernoctaron en Santiago fixeron un gasto de case **135.000 euros**, e os que non o fixeron gastaron un total de 123.680 euros. En total, os asistentes ó concerto gastaron en Compostela 258.646 euros, que sumados ó seu gasto na entrada ($9.500 \text{ persoas} \times 40 \text{ euros entrada} = 380.000 \text{ euros}$) fai un total de **515.000 euros**.

Alejandro Sanz

Un total de 9.220 persoas (43,3% residentes en Santiago e **56,7% visitantes**) xuntáronse no Multiusos do Sar para ver a Alejandro Sanz en concerto. Ó tratarse do mes de agosto, e coincidindo coa época estival, destaca **o número de visitantes da cidade que asistiron ó evento: 5.228**. Aquelas persoas que quedaron a durmir na cidade efectuaron un gasto total de 81.979 euros, e os que non pernoctaron en

¹ Prezos das entradas: 60 € 55 € 45 € 40 €

² Prezos das entradas: 38 € 33 € 28 € 23 €

Santiago gastaron en total case 156.000 euros. O gasto total realizado en Compostela, por tanto, ascende a **237.937,4 euros**, que sumado ó gasto que efectuaron todos os asistentes ó concerto ó comprar a entrada (9.220 persoas x 30 euros entrada = 276.600 euros) da un total de **514.537,4 euros**.

En suma, o impacto directo dos eventos na cidade, calculado a partir da cifra de gasto medio dos non residentes, ascende a case 800.000 euros, cifra que non contempla nin o gasto efectuado na compra de entradas nin o impacto indirecto que esta cantidade xera no dinamismo económico da cidade. Estes dous conceptos incrementarían, por tanto, a cifra anterior.

En termos globais, os concertos de Alejandro Sanz e de Fito&Calamaro son os que xeraron un maior impacto directo total, basicamente pola maior afluencia de persoas. Sen embargo, o gasto medio estimado por persoa é inferior aos outros dous eventos analizados (Opera Aída e Concerto de Van Morrison), sendo por tanto estes dous os que por termo medio xeran un maior gasto na cidade, é dicir, o perfil dos asistentes presenta un gasto medio superior (non en vano é un público cunha idade media entre 35-40 anos dos cales a maioría traballa actualmente).